



Boletín Nº 39. Sábado, 16 de febrero de 2008

[IV. ADMINISTRACIÓN LOCAL](#) [IV.2 MUNICIPAL](#) [CAMBRE](#) [SECRETARÍA](#)

ANUNCIO Pág. 1808 Reg. 08/1502-x.

[Anterior](#)

[Siguiente](#)

### Aprobación definitiva da modificación do Regulamento orgánico municipal

A corporación municipal en pleno, en sesión ordinaria de data 27 de setembro de 2007, aprobou, con carácter inicial, a modificación dos artigos 108.5, 115.1 alíneas c), f) e g), e artigo 135 parágrafo primeiro do Regulamento orgánico municipal.

Exposto ao público durante trinta días, presentáronse alegacións que foron resoltas en sesión ordinaria do pleno da corporación do día 27 de decembro de 2007.

A teor do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e artigo 196.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, publícase integramente a modificación do citado texto normativo, que entrará en vigor ao día seguinte ao da súa inserción no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85.

Por tratarse dunha disposición administrativa de carácter xeral, non procede recurso en vía administrativa, se ben poderá impugnarse directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta disposición no Boletín Oficial da Provincia, e deberase presentar ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, isto de conformidade co previsto no artigo 10.1.b) da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

### **Modificación do Regulamento orgánico municipal:**

Artigo 108.5, parágrafo terceiro: "A Presidencia poderá limitar ata un máximo de unha as mocións que presente un grupo municipal nun mesmo pleno ordinario."

Artigo 115.1 c), parágrafo quinto . "Como xa se fixo constar no artigo 108.5 do presente Regulamento, a Presidencia poderá limitar ata un máximo de unha as mocións que presente un grupo municipal nun mesmo pleno ordinario

Artigo 115.1 f) parágrafo cuarto: "A presidencia poderá limitar ata un máximo de tres os rogos que presente un grupo municipal nun mesmo pleno ordinario, tendo en conta que cada rogo formulado só poderá instar unha única proposta de actuación, non podendo acumularse nun mesmo rogo varias peticións. O así formulado entenderase como non presentado."

Artigo 115.1 g) parágrafo cuarto: "A presidencia poderá limitar ata un máximo de tres as preguntas que presente un grupo municipal nun mesmo pleno ordinario, tendo en conta que cada pregunta só poderá conter unha única cuestión, non podendo acumularse nunha mesma pregunta varias cuestións. A así formulada entenderase como non presentada."

Artigo 135 parágrafo primeiro: "Respecto das comisións informativas e de seguimento da xestión do alcalde, Xunta de Goberno Local e concelleiros que exerzan delegacións, e tendo en conta a devandita función de seguimento que lles foi atribuída polo artigo 20.1 c) da Lei 11/99, do 21 de abril, e que igualmente se recolle no artigo 78.2, letra c) do presente Regulamento, na orde do día das sesións ordinarias, logo dos asuntos respecto dos que se deban emitir os correspondentes ditames, incluírase o punto de rogos e preguntas. A presidencia poderá limitar ata un máximo de seis os rogos e preguntas que presente un grupo municipal para cada comisión informativa, e no demais será de aplicación o establecido para o efecto no artigo 115.1 f) e g) en relación co pleno."

Cambre, 29 de xaneiro de 2008

O alcalde

Antonio Varela Saavedra

Reg. 08/1502-x

De acordo con el artículo 7.1 de la Ley 5/2002, del 4 de abril, Reguladora de los Boletines Oficiales de las Provincias, los originales serán transcritos en la misma forma en que se hallen redactados y autorizados por el órgano remitente, sin que por ninguna causa puedan variarse o modificarse sus textos una vez éstos hayan tenido entrada en el Boletín Oficial, salvo que el órgano remitente lo autorice de forma fehaciente.